

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

Área de plástica: inglés

**CENTRO: CEIP Os Tilos
CURSO: 5º de Educación Primaria**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Atención á diversidade.**
- 5. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
B1.2. Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.	EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.	CCEC CCL
B2.3. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais.	CCEC CMCT CCEC CSIEE
B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquejo.	CCEC CMCT CCEC CSIEE
B2.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	CSC CSC
B2.6. Aposar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	EPB2.6.3. Aposar interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.	CSC CCEC
B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas.	CCEC CMCCT CCEC CMCCT

2. Avaliación e cualificación.

A cualificación final para este curso seguirá as indicacións das Instrucións do 27 de abril de 2020, segundo a cal daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores (1º e 2º trimestre) e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.

Os instrumentos empregados son, no 1º e 2º trimestre, o diario de clase, as producións plásticas, postas en común e a actitude e cumprimento das normas. En canto aos procedementos, a observación sistemática e análise das producións do alumnado.

Para o 3º trimestre, empregaremos a observación sistemática, o nivel de participación e grao de implicación coas tarefas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

A metodoloxía xirará en torno a tres eixes: a creatividade, a formación e a estética. Neste terceiro trimestre desenvolveranse actividades que potencien a súa creatividade e centradas nos seus intereses para manter a motivación.

Os recursos empregados serán a Aula Virtual do centro e diversas páxinas web.

4. Atención á diversidade.

As actividades propostas tratan de achegar o currículo a todo o alumnado. Son actividades que parten da diversidade que existe en cada familia. Tamén se flexibilizan os tempos para que cada quen organice os horarios en función da dispoñibilidade.

Dende o departamento de orientación, as medidas adoptadas resúmense nas seguintes:

- Creación da Aula Virtual.
- Contacto telefónico ou a través de correo electrónico coas familias e o alumnado.
- Apoio emocional ás familias.
- Establecemento de vínculos colaborativos entre familias e centro educativo.

5. Información e publicidade.

Está programación será publicada na páxina web do centro.